

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Artigo 1.-

De conformidade co previsto no artigo 72 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o tipo de gravame do Imposto sobre bens inmuebles aplicable neste municipio, queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2.-

2.1.- O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmuebles aplicable ós bens de natureza urbana queda fixado no 0,4%.

2.2.- O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmuebles aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,5%.

2.3.- O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmuebles aplicable ós bens de características especiais queda fixado no 0,6%.

Artigo 3.-

Se agruparán nun único documento de cobro as cuotas deste Imposto relativas a distintos bens de carácter rústico pertencentes a un mesmo suxeito pasivo.

Artigo 4.-

A efectos de atender a criterios de eficiencia e economía na xestión recaudatoria deste Imposto, establécese a exención dos inmuebles rústicos e urbanos dos que a cuota líquida non supere a contía de 6 euros.

No caso de inmuebles rústicos tomarase en consideración a cuota agrupada que resulta da aplicación do artigo anterior, no seu caso.

Artigo 5.-

No que respecta á xestión dos impostor, infraccións e tódolo demais aspectos, estarase ó sinalado nos artigos 60 ó 77, émbolos dous inclusive, do RDL 2/2004, de 5 de marzo, fundamentalmente, así como á demais legislación aplicable e ás disposicións regulamentarias que, no seu caso, se dicten.

Disposición final.

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse na data que resulte do artigo 72.6º do RDL 2/2004, de 5 de marzo, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.